

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS EN NADAL 2014

Sendo as 13:30 horas do día 28 de novembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Oitava Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprego, Autónomos e Educación dona Rosana Rielo Rozas, actuando como vocais dona Carmen Basadre Vázquez, Concelleira Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, dona Esther Muñoz, polo Grupo Municipal do PSG-PSOE, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, dona Cristina Ferreiro polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor do Excmo. Concello de Lugo, dona Ana Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de Contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario da Mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro do día 28 de novembro de 2014, no que se pon de manifesto que á referida contratación presentouse unha única plica: CREACIONES LUMINOSAS, S.L

Procédese a continuación á apertura do sobre A de documentación administrativa , co seguinte resultado:

- Anexo II
- Anexo III

A documentación é correcta.

De seguido procédese a continuación á apertura da proposición económica e técnica (sobre B) da única empresa admitida á licitación, co seguinte resultado:

* prezo de 30.664,04 €, máis o 21% de IVE (6.439,44 €), o que supón un total de 37.103,48 €, IVE incluído. Con 33 arcos a maiores do listado mínimo

* Características técnicas

A vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar a oferta presentada pola empresa CREACIONES LUMINOSAS, S.L., por ser a única empresa presentada á licitación e cumprir as condicións establecidas nos pregos

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: ALUMEADO NADAL 2014

Asunto: acta apertura plicas

prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Rosana Rielo Rozas

Asdo: Manuel Louzao Aldariz